



CONCELLO DE REDONDELA

**ANUNCIO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DO PROCESO PARA A COBERTURA DE 3 PRAZAS VACANTES DE FUNCIONARIO ORDENANZA: REVISIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE NOVA CONVOCATORIA SEGUNDO EXERCICIO (05/02/206) E SUSPENSIÓN CAUTELAR DO MESMO (09/02/2026)**

Sendo publicados os días 5 de febreiro e 9 de febreiro de 2026 o anuncio de nova convocatoria do segundo exercicio e a suspensión cautelar do mesmo, respectivamente, os aspirantes presentaron durante o prazo legal establecido as seguintes reclamacións:

ORDE	Nº REXISTRO - DATA	RECLAMANTE
1	2026-E-RE-983 / 05-02-2026	
2	2026-E-RE-987 / 06-02-2026	
3	2026-E-RE-988 / 06-02-2026	
4	2026-E-RE-997 / 06-02-2026	
5	2026-E-RE-1010 / 06-02-2026	
6	2026-E-RE-1017 / 06-02-2026	
7	2026-E-RE-1027 / 06-02-2026	
8	2026-E-RE-1028 / 06-02-2026	
9	2026-E-RE-1029 / 06-02-2026	
10	2026-E-RE-1037 / 06-02-2026	
11	2026-E-RC-2174/ 09-02-2026	
12	2026-E-RC-2215/ 10-02-2026	
13	2026-E-RE-1142 / 11-02-2026	

A 23 de marzo de 2026 , o tribunal cualificador reúnese e conforme a acta da citada xuntanza **acorda por unanimidade:**

ORDE	Nº REXISTRO - DATA	RECLAMANTE
1	2026-E-RE-983 / 05-02-2026	



CONCELLO DE REDONDELA

█ formula unha alegación na que, en síntese, indica que realizou unha alegación o día 20 de xaneiro de 2026 con número de Rexistro 2026-E-RC-620, a cal estaba dentro do prazo establecido para reclamar, polo que debe resolverse a mesma.

Tras revisar as alegación e despois de poñernos en contacto co Concello de Redondela infórmase nos de que desde o área de Recursos humanos, remitíronos esa alegación no mesmo documento que a de número de rexistro 2026-E-RC-538. O Tribunal acorda estimar a mesma e proceder coa anulación do segundo exercicio. Hai que sinalar que con independencia de este problema de tipo administrativo, o Tribunal xa anulara o antedito exercicio debido a outras reclamacións presentadas en tempo e forma e que foron correctamente trasladadas para a súa resolución.

ORDE	Nº REXISTRO - DATA	RECLAMANTE
2	2026-E-RE-987 / 06-02-2026	█

█ formula unha alegación na que, á vista da decisión do Tribunal de anular o exame do día 15 de xaneiro de 2026 e convocar aos aspirantes a un novo exame convocado para o día 11 de febreiro de 2026, solicita o seguinte:

- A suspensión inmediata como medida cautelar, da celebración da proba convocada para o día 11 de febreiro de 2026
- Traslado das alegacións presentadas que motivaron o acordo do Tribunal de anulación do exame celebrado o día 15 de xaneiro de 2026, así como a acta que contén a motivación do tribunal de anulación da proba.
- Terse por persoadado como interesado no procedemento, dándolle traslado de calquera actuación que se dicte no procedemento.

Fronte a estas alegacións, o Tribunal acordou o seguinte:

Primeiro: A suspensión cautelar do segundo exercicio convocado para o día 11 de febreiro de 2026, que se comunicou aos aspirantes mediante anuncio publicado na Sede electrónica do Concello de Redondela en data 9 de febreiro de 2026.

Segundo: A publicación das alegacións presentadas que motivaron o acordo do Tribunal de anulación do exame celebrado o día 15 de xaneiro de 2026, as cales se publicaron (debidamente anonimizadas) xunto coa acta da reunión previa do Tribunal de data 8 de agosto de 2025 na que se acordou o tipo de proba a realizar, na Sede electrónica do Concello de Redondela en data 26 de febreiro de 2026.



CONCELLO DE REDONDELA

Terceiro: Dar traslado ao interesado da acta do Tribunal onde se acordou anular a proba realizada o día 15 de xaneiro de 2026.

ORDE	Nº REXISTRO - DATA	RECLAMANTE
3	2026-E-RE-987 / 06-02-2026	
13	2026-E-RE-1142/11-02-2026	

formula dúas alegacións nas que, á vista da decisión do Tribunal de anular o exame do día 15 de xaneiro de 2026 e convocar aos aspirantes a un novo exame convocado para o día 11 de febreiro de 2026, solicita o seguinte:

- A suspensión inmediata como medida cautelar, da celebración da proba convocada para o día 11 de febreiro de 2026
- Traslado das alegacións presentadas que motivaron o acordo do Tribunal de anulación do exame celebrado o día 15 de xaneiro de 2026, así como a acta que contén a motivación do tribunal de anulación da proba.
- Terse por persoado como interesado no procedemento, dándolle traslado de calquera actuación que se dicte no procedemento.

Fronte a estas alegacións, o Tribunal acordou o seguinte:

Primeiro: A suspensión cautelar do segundo exercicio convocado para o día 11 de febreiro de 2026, que se comunicou aos aspirantes mediante anuncio publicado na Sede electrónica do Concello de Redondela en data 9 de febreiro de 2026.

Segundo: A publicación das alegacións presentadas que motivaron o acordo do Tribunal de anulación do exame celebrado o día 15 de xaneiro de 2026, as cales se publicaron (debidamente anonimizadas) xunto coa acta da reunión previa do Tribunal de data 8 de agosto de 2025 na que se acordou o tipo de proba a realizar, na Sede electrónica do Concello de Redondela en data 26 de febreiro de 2026.

Terceiro: Dar traslado ao interesado da acta do Tribunal onde se acordou anular a proba realizada o día 15 de xaneiro de 2026.

ORDE	Nº REXISTRO - DATA	RECLAMANTE
4	2026-E-RE-997 / 06-02-2026	



CONCELLO DE REDONDELA

[REDACTED] formula unha alegación na que solicita que se cambie a data da proba convocada para o día 11 de febreiro de 2026, xa que o día 12 de febreiro ten outro proceso selectivo doutra administración e resúltalle difícil compaxinar os dous procesos.

O Tribunal acorda desestimar a súa solicitude, xa que a convocatoria dunha proba selectiva é unha convocatoria oficial, e a mesma non pode atender nin ser modificada por situacións persoais dos aspirantes.

ORDE	Nº REXISTRO - DATA	RECLAMANTE
5	2026-E-RE-1010 / 06-02-2026	[REDACTED]

[REDACTED] formula unha alegación na que, á vista da decisión do Tribunal de anular o exame do día 15 de xaneiro de 2026 e convocar aos aspirantes a un novo exame convocado para o día 11 de febreiro de 2026, solicita o seguinte:

- A suspensión inmediata como medida cautelar, da celebración da proba convocada para o día 11 de febreiro de 2026
- Traslado das alegacións presentadas que motivaron o acordo do Tribunal de anulación do exame celebrado o día 15 de xaneiro de 2026, así como das actas do Tribunal, incluíndo a que contén a motivación do tribunal de anulación da proba.
- Terse por persoado como interesado no procedemento, dándolle traslado de calquera actuación que se dicte no procedemento.

Fronte a estas alegacións, o Tribunal acordou o seguinte:

Primeiro: A suspensión cautelar do segundo exercicio convocado para o día 11 de febreiro de 2026, que se comunicou aos aspirantes mediante anuncio publicado na Sede electrónica do Concello de Redondela en data 9 de febreiro de 2026.

Segundo: A publicación das alegacións presentadas que motivaron o acordo do Tribunal de anulación do exame celebrado o día 15 de xaneiro de 2026, as cales se publicaron (debidamente anonimizadas) xunto coa acta da reunión previa do Tribunal de data 8 de agosto de 2025 na que se acordou o tipo de proba a realizar, na Sede electrónica do Concello de Redondela en data 26 de febreiro de 2026.

Terceiro: Dar traslado ao interesado das actas do Tribunal, incluíndo aquela onde se acordou anular a proba realizada o día 15 de xaneiro de 2026.

ORDE	Nº REXISTRO - DATA	RECLAMANTE
6	2026-E-RE-1017 / 06-02-2026	[REDACTED]



CONCELLO DE REDONDELA

[REDACTED] presenta unha alegación na que, en síntese, solicita o seguinte:

A suspensión urxente e cautelar da proba convocada para o día 11 de febreiro de 2026.

Que se revogue o acordo do Tribunal polo cal se anulou a proba realizada o día 15 de xaneiro de 2026 e se manteñan as cualificacións obtidas polos aspirantes, continuando o proceso selectivo conforme ás bases da convocatoria.

Fronte a estas alegacións, o Tribunal acordou a suspensión cautelar do segundo exercicio convocado para o día 11 de febreiro de 2026, que se comunicou aos aspirantes mediante anuncio publicado na Sede electrónica do Concello de Redondela en data 9 de febreiro de 2026.

Polo que respecta á solicitude da aspirante de revogación do acordo do Tribunal polo cal se anulou a proba realizada o día 15 de xaneiro de 2026, o Tribunal considera o seguinte:

Antecedentes de feito:

Primeiro: En data 16 de maio de 2023 publícanse no Boletín Oficial de Provincia de Pontevedra as bases específicas que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral no Concello de Redondela e nas cales figuraba a convocatoria de tres prazas de ordenanza.

Segundo: Na Base cuarta das bases específicas da convocatoria de ordenanza (exercicios da oposición), dise textualmente o seguinte:

*Segundo Exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio.*

*Práctico. Consistirá na realización dun ou varios supostos prácticos relacionados coas funcións a desenvolver e que poderán referirse, á libre elección do órgano de selección, aos cometidos propios do oficio previstos na RPT e sempre relacionadas coa materia obxecto do temario específico no prazo que estableza o órgano de selección en función da natureza da/s proba/s.*

*O órgano de selección na súa sesión constitutiva deberá determinar que tipo de suposto práctico se realizará neste segundo exercicio (tipo test, supostos prácticos escritos, proba de carácter manual, etc).*

*Esta información publicarase na sede electrónica, na páxina web ([www.redondela.gal](http://www.redondela.gal)), no apartado de Emprego Público, persoal funcionario) e no taboleiro de anuncios do concello.*

*Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos e será preciso acadar un mínimo de cinco (5) puntos para superalo.*



CONCELLO DE REDONDELA

Terceiro: En data 8 de agosto de 2025 o Tribunal cualificador para a selección de tres prazas de ordenanza do Concello de Redondela fai unha reunión previa na que, en atención ao disposto nas Bases, acorda establecer o seguinte en relación coa natureza do segundo exercicio:

- Consistirá nunha proba de carácter práctico sempre e cando o número de aspirantes sexa igual ou menor a 15.
- No caso de que o número sexa maior o exposto, a proba constará dun ou varios supostos prácticos tipo test.

Cuarto: En data 16 de decembro de 2025 o Tribunal seleccionador publica no Taboleiro de Anuncios do Concello de Redondela as puntuacións definitivas do primeiro exercicio (onde figuran un total de 32 aspirantes que superaron a proba) e a convocatoria para a realización do segundo exercicio, no que se indica textualmente o seguinte:

*Segundo.- O órgano de selección acorda que o segundo exercicio consistente en suposto/s práctico/s escritos se realice o xoves día 15 de xaneiro ás 10.00 horas.*

Quinto: En data 15 de xaneiro de 2026 realízase o segundo exercicio do proceso selectivo, consistente nun suposto tipo test de 10 preguntas máis 2 preguntas de reserva, tal e como se acordou na reunión de data 8 de agosto de 2025. Durante o prazo establecido para formular alegacións catro aspirantes presentaron alegacións nas que, en síntese, tres delas solicitaban a anulación do segundo exercicio xa que o mesmo non se correspondía co publicado no anuncio de data 16 de decembro de 2025.

Sexto: En data 3 de febreiro de 2026 o Tribunal réunese e, á vista das alegacións presentadas, comproba que houbo un erro de forma pola súa parte á hora de realizar a convocatoria do segundo exercicio, polo que procede a anular o mesmo e convocar aos aspirantes á repetición do mesmo.

#### Fundamentos Xurídicos:

Primeiro: As bases específicas que regulan o proceso selectivo para cubrir tres prazas de ordenza forón aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/04/2023 (publicadas no Boppo núm. 93 de data 16 de maio de 2023) sen presentación de alegacións ás mesmas.

Segundo: A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece no seu artigo 18 que de cada sesión que celebre o órgano colexiado o secretario levantará acta, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións e o contido dos acordos adoptados



CONCELLO DE REDONDELA

Terceiro: A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón no seu artigo 109 que *"As administracións públicas poderán revogar, mentres non transcorrese o prazo de prescrición, os seus actos de gravame ou desfavorables, sempre que tal revogación non constitúa dispensa ou exención non permitida polas leis, nin sexa contraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico"*.

### Conclusións

En vista dos antecedentes de feito e dos fundamentos xurídicos expostos, o Tribunal considera que no presente suposto a vontade do Órgano colexiado quedou perfectamente reflectida na acta do día 8 de agosto de 2025. A decisión do Tribunal correspondía cunha das opcións concretas que se expoñían nas Bases da convocatoria (tipo test) e non deixaba lugar a dúbidas nin a interpretacións para a determinación do segundo exercicio, tal e como expuxeron algúns aspirantes nas súas alegacións.

É importante salientar que as propias Bases fan unha diferenciación clara nos 3 tipos de proba para o segundo exercicio a distinguir entre:

- Tipo test.
- Suposto práctico escritos.
- Proba de carácter manual.

Ademais, as propias Bases inciden na obrigatoriedade de publicar esta información para que os aspirantes a coñezan previamente.

Debido a un erro do Tribunal, o día 16 de decembro publicouse un anuncio no cal se indicaba que o segundo exercicio consistiría nun suposto práctico escrito, polo cal os aspirantes recibiron unha información que non era o acordado polo Tribunal o día 8 de agosto de 2025. Este anuncio con indicacións erróneas e realizado con case un mes de antelación, puido supoñer un quebranto dos principios de boa fe e confianza lexítima, así como o de publicidade e transparencia, que deben rexer nun procedemento administrativo, xa que o anuncio non plasmaba o acordado polo Tribunal, senón que daba outra indicación o cal podería provocar situacións de desigualdade entre os aspirantes.

Por todo o exposto, o Tribunal acordou anular este exercicio, xa que tal e como establecen as Bases os participantes deben ter en todo momento unha información veraz e clara do tipo de exercicio que van a realizar, circunstancia que non sucedeu no exercicio realizado o día 15 de xaneiro.

Por todo o exposto, o Tribunal acorda desestimar a alegación presentada pola aspirante [REDACTED] e confirmar a anulación do exercicio realizado o día 15 de



CONCELLO DE REDONDELA

xaneiro de 2026, xa que na convocatoria do mesmo se produciron unha serie de erros que ocasionaron que o exercicio non se realizase nas condicións de igualdade entre os aspirantes necesarias.

ORDE	Nº REXISTRO - DATA	RECLAMANTE
7	2026-E-RE-1027 / 06-02-2026	[REDACTED]

[REDACTED] como representantes [REDACTED]

[REDACTED] formulan unha alegación na que, á vista da decisión do Tribunal de anular o exame do día 15 de xaneiro de 2026 e convocar aos aspirantes a un novo exame convocado para o día 11 de febreiro de 2026, solicitan a suspensión inmediata como medida cautelar, da celebración da proba convocada para o día 11 de febreiro de 2026

Fronte a estas alegacións, o Tribunal acordou a suspensión cautelar do segundo exercicio convocado para o día 11 de febreiro de 2026, que se comunicou aos aspirantes mediante anuncio publicado na Sede electrónica do Concello de Redondela en data 9 de febreiro de 2026.

ORDE	Nº REXISTRO - DATA	RECLAMANTE
8	2026-E-RE-1028 / 06-02-2026	[REDACTED]
10	2026-E-RE-1037 / 06-02-2026	[REDACTED]

[REDACTED] presenta dúas alegacións nas que, en síntese, solicita o seguinte:

A suspensión urxente e cautelar da proba convocada para o día 11 de febreiro de 2026.

Que se revogue o acordo do Tribunal polo cal se anulou a proba realizada o día 15 de xaneiro de 2026 e se manteñan as cualificacións obtidas polos aspirantes, continuando o proceso selectivo conforme ás bases da convocatoria.

Fronte a estas alegacións, o Tribunal acordou a suspensión cautelar do segundo exercicio convocado para o día 11 de febreiro de 2026, que se comunicou aos aspirantes mediante anuncio publicado na Sede electrónica do Concello de Redondela en data 9 de febreiro de 2026.

Polo que respecta á solicitude da aspirante de revogación do acordo do Tribunal polo cal se anulou a proba realizada o día 15 de xaneiro de 2026, o Tribunal considera o seguinte:



CONCELLO DE REDONDELA

Antecedentes de feito:

Primeiro: En data 16 de maio de 2023 publícanse no Boletín Oficial de Provincia de Pontevedra as bases específicas que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral no Concello de Redondela e nas cales figuraba a convocatoria de tres prazas de ordenanza.

Segundo: Na Base cuarta das bases específicas da convocatoria de ordenanza (exercicios da oposición), dise textualmente o seguinte:

*Segundo Exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio.*

*Práctico. Consistirá na realización dun ou varios supostos prácticos relacionados coas funcións a desenvolver e que poderán referirse, á libre elección do órgano de selección, aos cometidos propios do oficio previstos na RPT e sempre relacionadas coa materia obxecto do temario específico no prazo que estableza o órgano de selección en función da natureza da/s proba/s.*

*O órgano de selección na súa sesión constitutiva deberá determinar que tipo de suposto práctico se realizará neste segundo exercicio (tipo test, supostos prácticos escritos, proba de carácter manual, etc).*

*Esta información publicarase na sede electrónica, na páxina web ([www.redondela.gal](http://www.redondela.gal), no apartado de Emprego Público, persoal funcionario) e no taboleiro de anuncios do concello.*

*Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos e será preciso acadar un mínimo de cinco (5) puntos para superalo.*

Terceiro: En data 8 de agosto de 2025 o Tribunal cualificador para a selección de tres prazas de ordenanza do Concello de Redondela fai unha reunión previa na que, en atención ao disposto nas Bases, acorda establecer o seguinte en relación coa natureza do segundo exercicio:

- Consistirá nunha proba de carácter práctico sempre e cando o número de aspirantes sexa igual ou menor a 15.
- No caso de que o número sexa maior o exposto, a proba constará dun ou varios supostos prácticos tipo test.

Cuarto: En data 16 de decembro de 2025 o Tribunal seleccionador publica no Taboleiro de Anuncios do Concello de Redondela as puntuacións definitivas do primeiro exercicio (onde figuran un total de 32 aspirantes que superaron a proba) e a convocatoria para a realización do segundo exercicio, no que se indica textualmente o seguinte:



CONCELLO DE REDONDEIRA

*Segundo.- O órgano de selección acorda que o segundo exercicio consistente en suposto/s práctico/s escritos se realice o xoves día 15 de xaneiro ás 10.00 horas.*

Quinto: En data 15 de xaneiro de 2026 realízase o segundo exercicio do proceso selectivo, consistente nun suposto tipo test de 10 preguntas máis 2 preguntas de reserva, tal e como se acordou na reunión de data 8 de agosto de 2025. Durante o prazo establecido para formular alegacións catro aspirantes presentaron alegacións nas que, en síntese, tres delas solicitaban a anulación do segundo exercicio xa que o mesmo non se correspondía co publicado no anuncio de data 16 de decembro de 2025.

Sexto: En data 3 de febreiro de 2026 o Tribunal réunese e, á vista das alegacións presentadas, comproba que houbo un erro de forma pola súa parte á hora de realizar a convocatoria do segundo exercicio, polo que procede a anular o mesmo e convocar aos aspirantes á repetición do mesmo.

#### Fundamentos Xurídicos:

Primeiro: As bases específicas que regulan o proceso selectivo para cubrir tres prazas de ordenza forón aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/04/2023 (publicadas no Boppo núm. 93 de data 16 de maio de 2023) sen presentación de alegacións ás mesmas.

Segundo: A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece no seu artigo 18 que de cada sesión que celebre o órgano colexiado o secretario levantará acta, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións e o contido dos acordos adoptados

Terceiro: A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón no seu artigo 109 que *"As administracións públicas poderán revogar, mentres non transcorrese o prazo de prescrición, os seus actos de gravame ou desfavorables, sempre que tal revogación non constitúa dispensa ou exención non permitida polas leis, nin sexa contraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico"*.

#### Conclusións

En vista dos antecedentes de feito e dos fundamentos xurídicos expostos, o Tribunal considera que no presente suposto a vontade do Órgano colexiado quedou perfectamente reflectida na acta do día 8 de agosto de 2025. A decisión do Tribunal



CONCELLO DE REDONDELA

correspondía cunha das opcións concretas que se expoñían nas Bases da convocatoria (tipo test) e non deixaba lugar a dúbidas nin a interpretacións para a determinación do segundo exercicio, tal e como expuxeron algúns aspirantes nas súas alegacións.

É importante salientar que as propias Bases fan unha diferenciación clara nos 3 tipos de proba para o segundo exercicio a distinguir entre:

- Tipo test.
- Suposto práctico escritos.
- Proba de carácter manual.

Ademais, as propias Bases inciden na obrigatoriedade de publicar esta información para que os aspirantes a coñezan previamente.

Debido a un erro do Tribunal, o día 16 de decembro publicouse un anuncio no cal se indicaba que o segundo exercicio consistiría nun suposto práctico escrito, polo cal os aspirantes recibiron unha información que non era o acordado polo Tribunal o día 8 de agosto de 2025. Este anuncio con indicacións erróneas e realizado con case un mes de antelación, puido supoñer un quebranto dos principios de boa fe e confianza lexítima, así como o de publicidade e transparencia, que deben rexer nun procedemento administrativo, xa que o anuncio non plasmaba o acordado polo Tribunal, senón que daba outras indicación o cal podería provocar situacións de desigualdade entre os aspirantes.

Por todo o exposto, o Tribunal acordou anular este exercicio, xa que tal e como establecen as Bases os participantes deben ter en todo momento unha información veraz e clara do tipo de exercicio que van a realizar, circunstancia que non sucedeu no exercicio realizado o día 15 de xaneiro.

Por todo o exposto, o Tribunal acorda desestimar a alegación presentada [REDACTED] e confirmar a anulación do exercicio realizado o día 15 de xaneiro de 2026, xa que na convocatoria do mesmo se produciron unha serie de erros que ocasionaron que o exercicio non se realizase nas condicións de igualdade entre os aspirantes necesarias.

ORDE	Nº REXISTRO - DATA	RECLAMANTE
9	2026-E-RE-1029 / 06-02-2026	[REDACTED]

[REDACTED] presenta unha alegación na que, en síntese, solicita o seguinte:



CONCELLO DE REDONDELA


A suspensión urxente e cautelar da proba convocada para o día 11 de febreiro de 2026.

Que se revogue o acordo do Tribunal polo cal se anulou a proba realizada o día 15 de xaneiro de 2026 e se manteñan as cualificacións obtidas polos aspirantes, continuando o proceso selectivo conforme ás bases da convocatoria.

Fronte a estas alegacións, o Tribunal acordou a suspensión cautelar do segundo exercicio convocado para o día 11 de febreiro de 2026, que se comunicou aos aspirantes mediante anuncio publicado na Sede electrónica do Concello de Redondela en data 9 de febreiro de 2026.

Polo que respecta á solicitude da aspirante de revogación do acordo do Tribunal polo cal se anulou a proba realizada o día 15 de xaneiro de 2026, o Tribunal considera o seguinte:

#### Antecedentes de feito:



Primeiro: En data 16 de maio de 2023 publícanse no Boletín Oficial de Provincia de Pontevedra as bases específicas que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral no Concello de Redondela e nas cales figuraba a convocatoria de tres prazas de ordenanza.

Segundo: Na Base cuarta das bases específicas da convocatoria de ordenanza (exercicios da oposición), dise textualmente o seguinte:

*Segundo Exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio.*

*Práctico. Consistirá na realización dun ou varios supostos prácticos relacionados coas funcións a desenvolver e que poderán referirse, á libre elección do órgano de selección, aos cometidos propios do oficio previstos na RPT e sempre relacionadas coa materia obxecto do temario específico no prazo que estableza o órgano de selección en función da natureza da/s proba/s.*

*O órgano de selección na súa sesión constitutiva deberá determinar que tipo de suposto práctico se realizará neste segundo exercicio (tipo test, supostos prácticos escritos, proba de carácter manual, etc).*

*Esta información publicarase na sede electrónica, na páxina web ([www.redondela.gal](http://www.redondela.gal)), no apartado de Emprego Público, persoal funcionario) e no taboleiro de anuncios do concello.*

*Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos e será preciso acadar un mínimo de cinco (5) puntos para superalo.*




CONCELLO DE REDONDELA

Terceiro: En data 8 de agosto de 2025 o Tribunal cualificador para a selección de tres prazas de ordenanza do Concello de Redondela fai unha reunión previa na que, en atención ao disposto nas Bases, acorda establecer o seguinte en relación coa natureza do segundo exercicio:

- Consistirá nunha proba de carácter práctico sempre e cando o número de aspirantes sexa igual ou menor a 15.
- No caso de que o número sexa maior o exposto, a proba constará dun ou varios supostos prácticos tipo test.

Cuarto: En data 16 de decembro de 2025 o Tribunal seleccionador publica no Taboleiro de Anuncios do Concello de Redondela as puntuacións definitivas do primeiro exercicio (onde figuran un total de 32 aspirantes que superaron a proba) e a convocatoria para a realización do segundo exercicio, no que se indica textualmente o seguinte:

*Segundo.- O órgano de selección acorda que o segundo exercicio consistente en suposto/s práctico/s escritos se realice o xoves día 15 de xaneiro ás 10.00 horas.*



Quinto: En data 15 de xaneiro de 2026 realízase o segundo exercicio do proceso selectivo, consistente nun suposto tipo test de 10 preguntas máis 2 preguntas de reserva, tal e como se acordou na reunión de data 8 de agosto de 2025. Durante o prazo establecido para formular alegacións catro aspirantes presentaron alegacións nas que, en síntese, tres delas solicitaban a anulación do segundo exercicio xa que o mesmo non se correspondía co publicado no anuncio de data 16 de decembro de 2025.

Sexto: En data 3 de febreiro de 2026 o Tribunal réunese e, á vista das alegacións presentadas, comproba que houbo un erro de forma pola súa parte á hora de realizar a convocatoria do segundo exercicio, polo que procede a anular o mesmo e convocar aos aspirantes á repetición do mesmo.

#### Fundamentos Xurídicos:

Primeiro: As bases específicas que regulan o proceso selectivo para cubrir tres prazas de ordenza forón aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/04/2023 (publicadas no Boppo núm. 93 de data 16 de maio de 2023) sen presentación de alegacións ás mesmas.




CONCELLO DE REDONDELA

Segundo: A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece no seu artigo 18 que de cada sesión que celebre o órgano colexiado o secretario levantará acta, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións e o contido dos acordos adoptados

Terceiro: A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón no seu artigo 109 que *"As administracións públicas poderán revogar, mentres non transcorrese o prazo de prescrición, os seus actos de gravame ou desfavorables, sempre que tal revogación non constitúa dispensa ou exención non permitida polas leis, nin sexa contraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico"*.

### Conclusións



En vista dos antecedentes de feito e dos fundamentos xurídicos expostos, o Tribunal considera que no presente suposto a vontade do Órgano colexiado quedou perfectamente reflectida na acta do día 8 de agosto de 2025. A decisión do Tribunal correspondía cunha das opcións concretas que se expoñían nas Bases da convocatoria (tipo test) e non deixaba lugar a dúbidas nin a interpretacións para a determinación do segundo exercicio, tal e como expuxeron algúns aspirantes nas súas alegacións.

É importante salientar que as propias Bases fan unha diferenciación clara nos 3 tipos de proba para o segundo exercicio a distinguir entre:

- Tipo test.
- Suposto práctico escritos.
- Proba de carácter manual.

Ademais, as propias Bases inciden na obrigatoriedade de publicar esta información para que os aspirantes a coñezan previamente.

Debido a un erro do Tribunal, o día 16 de decembro publicouse un anuncio no cal se indicaba que o segundo exercicio consistiría nun suposto práctico escrito, polo cal os aspirantes recibiron unha información que non era o acordado polo Tribunal o día 8 de agosto de 2025. Este anuncio con indicacións erróneas e realizado con case un mes de antelación, puido supoñer un quebranto dos principios de boa fe e confianza lexítima, así como o de publicidade e transparencia, que deben rexer nun procedemento administrativo, xa que o anuncio non plasmaba o acordado polo Tribunal, senón que daba outras indicación o cal podería provocar situacións de desigualdade entre os aspirantes.



CONCELLO DE REDONDELA

Por todo o exposto, o Tribunal acordou anular este exercicio, xa que tal e como establecen as Bases os participantes deben ter en todo momento unha información veraz e clara do tipo de exercicio que van a realizar, circunstancia que non sucedeu no exercicio realizado o día 15 de xaneiro.

Por todo o exposto, o Tribunal acorda desestimar a alegación presentada polo aspirante [REDACTED] e confirmar a anulación do exercicio realizado o día 15 de xaneiro de 2026, xa que na convocatoria do mesmo se produciron unha serie de erros que ocasionaron que o exercicio non se realizase nas condicións de igualdade entre os aspirantes necesarias.

ORDE	Nº REXISTRO - DATA	RECLAMANTE
11	2026-E-RC-2174	[REDACTED]

[REDACTED] presenta un escrito onde en síntese solicita:

Primeiro: A nulidade do exercicio realizado.

Segundo: Que o segundo exercicio sexa do tipo indicado no anuncio.

Terceiro: En caso de manterse o formato tipo test que se publique unha nova convocatoria con prazo suficiente de preparación.

En resposta ao solicitado pola aspirante o Tribunal indica a estimación parcial ao producirse a nulidade do exercicio realizado e a previsión dunha nova convocatoria. No obstante no referente ao segundo punto da solicitude acórdase desestimala mesma xa que é contrario ó acordado na reunión de constitución do 8 de agosto de 2025.

ORDE	Nº REXISTRO - DATA	RECLAMANTE
12	2026-E-RC-2215 / 10-02-2026	[REDACTED]

[REDACTED] formula unha alegación na que solicita a seguinte documentación:

- Acta de Constitución Previa de 8 de agosto de 2025.
- Acta de Constitución do Tribunal.
- Acta do segundo exercicio.
- Acta na que se acorda a repetición do segundo exercicio.



CONCELLO DE REDONDELA

Fronte a estas alegacións, o Tribunal acordou o seguinte: Dar traslado ao interesado da documentación solicitada debidamente anonimizada.

Resoltas as alegacións presentadas, o tribunal acorda a publicación na páxina web deste acordo:

*"En todo caso, los actos administrativos serán objeto de publicación, surtiendo ésta los efectos de la notificación, en los siguientes casos:*

(...)

*b) Cuando se trate de actos integrantes de un procedimiento selectivo o de concurrencia competitiva de cualquier tipo. En este caso, la convocatoria del procedimiento deberá indicar el medio donde se efectuarán las sucesivas publicaciones, careciendo de validez las que se lleven a cabo en lugares distintos."*

Segundo o disposto na Base Xeral Décimo primeira (Desenvolvemento do exercicios das probas selectivas), parágrafo 5º, que rexen o devandito proceso selectivo, contra os acordos do Tribunal, poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante a Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación, segundo o previsto no artigo 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con independencia de calquera outro recurso ou reclamación que no seu caso proceda.

Do que dou fe como secretaria co visto e prace do presidente.

En Redondela, a data 6 de abril de 2026

A secretaria do órgano de selección.

Vº e Prace: A presidente do órgano de selección